

# POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS 06 maio 2018

Conducidos por XESÚS e movidos

polo seu ESPÍRITO, seremos UN.

## 1. VER: O máis importante.

-Poderíamos comezar dialogando sobre o que é máis importante na vida. Desde que somos bebés buscamos ser queridos. Pouco a pouco imos aprendendo a querer desinteresadamente na familia, cos amigos. E é que o máis importante na vida é amar.

*Por que será importante querer e ser querido?*

## 2. XULGAR: Xesús quere que sexamos os seus amigos amando.

-Na 1ª lectura vemos como os primeiros cristiáns **reciben o Espírito Santo** e bautízanse. No evanxeo Xesús dinos: **“Vós sodes os meus amigos”**. E para selo sempre nos dá un mandamento: **“Isto mándovos: que vos amedes uns a outros”**.

### QUE NOS QUERE DICIR?

-**Que Deus é Amor**, creounos por amor e para amar. Quérenos moito e leva o noso nome escrito na súa man para non esquecermos, perdóanos.

-**Xesús** **quere ser o noso amigo** para que sexamos felices. Seremos felices se nos queremos uns a outros. Un é feliz cando axuda, comparte. Somos felices se nos queremos e queremos a todos ata aos que non nos queren... E parecerémonos a Deus que é amor.

-Para cando nos cansamos **Xesús deixounos o Espírito Santo** que é a forza, a ilusión, a ledicia, o amor de Deus. El fainos UN.

-**Que os que formamos a Igrexa de Xesús** temos a misión de ser testemuñas do amor de Deus creando unidade, comunión, fraternidade.

*En que se nota que sodes amigos de Xesús?*

### **3. ACTUAR: Se nos amamos seremos un**

-**No debuxo de Fano** da portada vemos a barca da Igrexa na que imos todos os amigos de Xesús, conducidos por el e movidos polo seu Espírito. Na borda varios nenos forman a palabra **UNO**: Se **U**nimos as nosas mans, se abrimos os **N**osos brazos para acoller e xuntamos as mans para **O**rar, seremos **UNO**.

**Concretemos** esta invitación nas nosa familia, no noso traballo e comunidade.

-Comeza o mes de María. Hoxe día de enfermo. Preparamos algo.

*Que imos facer na familia, comunidade e na barca da Igrexa?*

# -LECTURAS

## **FEITOS 10, 25-26,34-35,44-48: *Deus non fai distincións.***

Cando ía entrar Pedro, Cornelio saíulle ao encontro e, prostrándose, quíxolle render homenaxe. Pero Pedro levantouno dicíndolle: - *“Levántate, que son un home coma ti”*. Pedro tomou a palabra e díxolles: - *“Agora comprendo con toda verdade que Deus non fai acepción de persoas, senón que acepta o que o teme e practica a xustiza, sexa da nación que sexa”*.

Aínda estaba falando Pedro, cando baixou o Espírito Santo sobre todos os que escoitaban a palabra, e os fieis da circuncisión que viñeran con Pedro sorprendéronse de que o don do Espírito Santo se derrámase tamén sobre os xentís, porque os oían falar en linguas estrañas e proclamar a grandeza de Deus.

Entón Pedro engadiu: -*“Pódese negar a auga do bautismo aos que recibiron o Espírito Santo igual ca nós?”*. E mandou bautizalos no nome de Xesucristo. Entón rogáronlle que se quedase uns días con eles. *Palabra do Señor.*

## **SALMO 97:**

**O Señor revela ás nacións a súa salvación.**

## **1ª XOÁN 4,7-10:**

*Amémonos uns a outros.*

**XOÁN 4,7-10:** *Isto vos mando: que vos amedes uns a outros.*

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** - *Como o Pai me amou, así vos ameí eu; permanecede no meu amor. Se gardades os meus mandamentos, **permaneceredes no meu amor**; o mesmo que eu gardei os mandamentos de meu Pai e permanezo no seu amor. Faleivos disto para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría chegue a plenitude.*

**Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos ame.** Ninguén ten amor máis grande que o que dá a vida polos seus amigos. Vós sodes os meus amigos, se facedes o que eu vos mando. Xa non vos chamo servos porque o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós chámovos amigos, porque todo o que oín a meu Pai déivolo a coñecer.

*Non sodes vós os que me elixistes, son eu quen vos elixín e destineivos para que vaiades e deades froito, e o voso froito permaneza. De modo que o que pidades ao Pai no meu nome volo dea. **Isto mándovos: que vos amedes uns a outros**".*

Palabra do Señor.

*(Narrador-Xesús)*